

SUBMISIÓN URBANA

O ÚNICO RELATO

Un día calquera

Nalgún lugar, no que quizais se poida almorzar co chílo baixo do telexornal matutino, alguén fala con outros sobre algún feito da actualidade. Di case non saber nada e, non obstante, hai algo no seu ton que amosa unha postura rotunda, coñece a opinión que debe ter sobre o conflito. E están todos de acordo, nese lugar calquera, e falan con voces uniformes. Quizais algún difira e rirán todos, xa agardaban que algunha brincadeira agromase entre os cafés da mañá.

Cita

Albert Camus: “Unha prensa libre pode ser boa ou mala, pero sen liberdade a prensa nunca será outra cousa que mala”

Unamuno: “A menos pensamento, pensamento máis tiránico e absorbente”



Debuxamos o mundo que non vemos, cegos, baseámonos nos besbellos dos nosos sentidos e representamos un mapa con ocos. Preguntámonos se son as perspectivas alleas as que enchen eses ocos cos seus propios sentidos, coas neuronas que recollen sinais coa mesma eficacia ca nós. Máis alá das percepcións individuais, non obstante, créase, difúndese o Relato, conformado por palabras que amosan e sentencian as cores que deben cubrir eses espazos nús. Non son descrições do real, senón tixolos que se amorean con perfecta estrutura, que dominan e que son quen de cambiar os trazos dos mapas de todas as persoas. E mentres rotamos neste mundo construído, mergullados de xeito constante entre as verbas que emiten altavoces coma metralla, entre follas de xornais e píxeles, cremos que son os nosos propios ollos os que ven e nós os que damos sentido a esas figuras externas. Sometémonos sen sabelo, as ideas recortadas con tesoiras amábeis, as preguntas soterradas baixo solo e convicción. Nun mundo de certezas, pouco importan os sons discordantes, a corda deixa de vibrar co pulo do tempo.